

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- Feijóo constata que o maior orzamento da historia de Galicia para maiores e discapacidade permitirá chegar neste 2018 aos 60.000 dependentes atendidos
- A Xunta impulsa a creación das casas do maior para mellorar a atención á dependencia nos núcleos rurais
- A Xunta impulsa un Plan de apoio á dependencia que permitirá a 4.000 persoas incorporarse ás axudas e servizos públicos
- A Xunta consolida o apoio ás persoas maiores con responsabilidades parentais cunha nova edición das escolas de avós e avoas educadoras
- A Xunta recoñece o esforzo do alumnado con discapacidade participante nos cursos de formación prelaboral de entidades de iniciativa social
- A Xunta reforza con 1M € as axudas á contratación de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social na empresa
- A Xunta abre o prazo de solicitude de axudas para a posta en marcha de 15 novas casas niño no rural
- A Xunta aposta pola conciliación a través da mellora e adecuación dos recursos de atención á infancia dos concellos
- A Xunta convoca axudas para a mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos xestionadas por entidades de iniciativa social
- A Xunta de Galicia abre o prazo de solicitude do Bono Concilia ás familias con fillos e fillas menores de tres anos
- O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica presenta o Informe Galicia sobre a tendencia poboacional da Comunidade
- Galicia recibirá máis de 22 millóns de euros de fondos estatais para loitar contra a pobreza e para axudas a entidades sociais
- A Xunta abre o prazo de solicitude de axudas para accións de inclusión social a desenvolver polas corporacións locais
- A Xunta de Galicia convoca unha nova edición do programa para creadores novos Xuventude Crea
- Días internacionais.



NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIONES



ESTADÍSTICAS

- Evolución prazas residenciais para maiores
- Dependencia. Xestión das valoracións das situacións de dependencia.
- Censo de persoas con discapacidade

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2018. BdB. Boletín de Bienestar, 2018

Edita:
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://libreria.xunta.gal/gb/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-15-xullo-agosto-2018>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

Coincide o inicio deste novo curso político coa publicación do número 15 do boletín no que queremos incidir nas políticas de consolidación e mellora levadas a cabo polo Goberno galego nos ámbitos da dependencia e da conciliación.

O período vacacional non minorou as actuacións da Consellería de Política Social e bo exemplo disto foi o anuncio do presidente do Goberno galego dunha serie de medidas encamiñadas ao reforzo destas políticas, na súa dobre vertente de atención ás persoas maiores e persoas con diversidade funcional: o aumento do orzamento dedicado á dependencia, o crecemento no número de persoas atendidas, a variedade de recursos de atención, a posta en marcha das casas do maior en concellos de menos de 5.000 habitantes, os cursos de formación

prelaboral de entidades de iniciativa social ou as axudas á contratación de discapacitados e persoas en risco de exclusión social.

A conciliación da vida persoal e laboral das familias galegas tamén é unha constante preocupación deste goberno. As políticas de conciliación levadas a cabo nos concellos, o desenvolvemento de programas que favorecen esta conciliación e a mellora das escolas infantís indican que imos na boa dirección.

En definitiva, as políticas levadas a cabo pola Consellería nacen con vocación de impregnar o conxunto das actuacións que desenvolve ao seu abeiro e que son a accesibilidade, a participación, a investigación, a innovación e a calidade e a igualdade de xénero.



Feijóo constata que o maior orzamento da historia de Galicia para maiores e discapacidade permitirá chegar neste 2018 aos 60.000 dependentes atendidos

- ▶ Precisa que o orzamento total de 414 millóns para este ano pon de manifesto que a achega para esta área medrou un 50% nestes nove anos o que fai posible que hoxe en Galicia haxa máis de 57.000 persoas con dependencia atendidas
- ▶ Sinala que o 80% dos dependentes galegos contan con servizos profesionais, converténdose Galicia na terceira comunidade cunha mellor atención profesional á dependencia
- ▶ Reitera a necesidade de que se cumpra a Lei de dependencia e de que o Goberno de España financie o sistema de atención coa mesma intensidade que a Comunidade
- ▶ Subliña que ao longo deste 2018 o número de prazas en residencias públicas ascenderá ás 8.000, coa apertura dos fogares residenciais de Vilardevós, Arteixo, Baleira, Redondela e Paradela
- ▶ Lembra que antes do final da lexislatura, a construción de sete residencias nas sete cidades galegas suporá a creación de 900 prazas máis en residencias e centros de día sostidos con fondos públicos
- ▶ Resalta que Galicia dispón ademais dunha variedade cada vez maior de recursos de atención para as persoas maiores que non desexan unha praza residencial como: o Servizo de Axuda no Fogar ou os servizos de teleasistencia e Xantar na casa
- ▶ Afirma que a posta en marcha das Casas do maior mellorará a prevención e a atención da dependencia nos concellos de menos de 5.000 habitantes

Cervo (Lugo), 1 de agosto de 2018. -O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, aseverou que o maior orzamento da historia da comunidade para maiores e discapacidade

permitirá chegar neste 2018 aos 60.000 dependentes atendidos, adiantando dous anos o cumprimento dun obxectivo que se tiña previsto acadar a finais da lexislatura, en 2020.

Durante unha visita ás instalacións do novo centro de día e residencia de maiores do Concello de Cervo, Feijóo precisou que o orzamento total de 414 millóns de euros para este ano pon de

manifesto que a achega para esta área medrou un 50% nestes nove anos, o que fai posible que hoxe en Galicia haxa máis de 57.000 persoas con dependencia atendidas, catro veces máis que

en 2009, cando recibían atención 14.000 persoas. “Isto supón que nestes nove anos se incrementou en case un 50% a ratio de cobertura, ata situarse nun 84%, sete puntos por riba da media nacional”, explicou, ao que engadiu que o 80% dos dependentes galegos contan con servizos profesionais, converténdose Galicia na terceira comunidade cunha mellor atención profesional á dependencia.

Ao longo da súa intervención, o titular da Xunta incidiu na importancia do traballo conxunto e en colaboración con entidades como Mensajeros de la Paz, cos concellos galegos e co Goberno central.

Sobre este último punto, reiterou a necesidade de que se cumpra a Lei de dependencia e de que o Goberno de España financie o sistema de atención coa mesma intensidade que a Comunidade. Non en van, na actualidade, o Goberno autonómico

achega o 75% dos fondos e a Administración central só o 25%.

Diante destas cifras, o presidente da Xunta lembrou que se o Goberno central puxese os mesmos 250 millóns de euros que achega a Xunta, hoxe non se estaría a falar dunha ratio de atención do 84%, senón dunha do 100%.

Feijóo resaltou ademais o compromiso e a dedicación de Mensajeros de la Paz, cuxo traballo, merecedor do Premio Príncipe de Asturias da Concordia, está reflectido en Galicia nestas novas instalacións no concello de Cervo, nunha residencia en Ferrol, nunha residencia-centro de día en Mondoñedo e nun centro de atención a menores en Vigo.

“As novas 54 prazas residenciais e as 25 de centro de día que ofrecen estas instalacións consolidan a residencia de Cervo como un recurso asistencial de primeiro nivel para a Mariña lucense”, dixo o presidente da Xunta, resaltando a achega autonómica

de 2,1 millóns de euros para contribuír á construción desta infraestrutura que axudará a que os maiores da comarca poidan estar mellor atendidos e gozar dunha maior calidade de vida.

Ao respecto, o responsable do Executivo galego precisou que a residencia de Cervo servirá como complemento da oferta de prazas residenciais públicas ou sustentadas con fondos públicos que ten Galicia e que a día de hoxe ascenden a 7.820; un 40% máis que en 2009, con menos de 5.800 prazas.

Nesta liña, aseverou que, ao longo deste 2018, o número de prazas ascenderá ás 8.000, coa apertura dos fogares residenciais de Vilardevós, Arteixo, Baleira, Redondela e Paradela. E, antes do final da lexislatura, a construción de sete residencias nas sete cidades galegas suporá a creación de 900 prazas máis en residencias e centros de día sostidos con fondos públicos.

Feijóo resaltou que a Comunidade galega dispón ademais dunha variedade cada vez maior de recursos de atención para as persoas maiores que non desexan unha praza residencial como: o Servizo de axuda no fogar, do que se benefician xa unhas 21.600 persoas; os servizos de teleasistencia e Xantar na casa ou o incremento das libranzas para os cuidadores de persoas dependentes, das que hoxe hai concedidas 20.400 e cuxo orzamento se incrementou un 28% neste ano.

Así mesmo, referiuse á posta en marcha da primeira convocatoria das casas do maior, que atenderán en pequenos grupos de ata cinco a persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa. Unha iniciativa que, cun investimento de 1,3 millóns de euros, prevé a creación de ata 30 casas do maior co fin de mellorar a prevención e a atención da dependencia nos concellos de menos de 5.000 habitantes.

A Xunta impulsa a creación das casas do maior para mellorar a atención á dependencia nos núcleos rurais

- ▶ Destaca que nestas instalacións brindarase atención profesional ás persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa durante un máximo de oito horas diarias
- ▶ Subliña que o investimento total será de máis de 1,3M€ ata un máximo de 15.000 euros por casa e unha prima de 19.600 euros/ano para a atención individualizada
- ▶ Di que a previsión é que na primeira convocatoria se impulsen ata 30 casas do maior sendo 90 os concellos susceptibles de contar con este novo recurso

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2018.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, avanzou na rolda de prensa do Consello a creación das casas do maior, un servizo que brindará atención profesional ás persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa nos concellos de menos de 5.000 habitantes.

En canto ás características destas casas do maior, Feijóo detallou que nelas poderase atender a cinco maiores, durante un máximo de oito horas diarias, con flexibilidade horaria e garantías de seguridade e calidade.

A este respecto, Feijóo sinalou que o investimento total será de máis de 1,3M€. Unha contía que cubrirá o 100% do investimento

necesario para poñer en marcha o dito servizo, con ata un máximo de 15.000 euros para a reforma ou adaptación da casa aos requirimentos e unha prima de 19.600 euros/ano para a atención individualizada. Con estas previsións, abundou, estímase que na primeira convocatoria se impulsen ata 30 casas do maior sendo 90 os concellos susceptibles de contar con este novo recurso.

Durante a rolda de prensa, tamén precisou que estas axudas van dirixidas tanto aos autónomos como ás cooperativas de traballo nas que polo menos un dos socios contan con algunha das seguintes titulacións: enfermaría e auxiliar de enfermaría, medicina, técnico de atención ás persoas en situación de dependencia, técnico

superior de integración social ou cun certificado de profesionalidade ou diploma que acredite a realización de cursos de formación nesta materia.

Do mesmo xeito, o presidente da Xunta subliñou que estas axudas se concederán en réxime de concorrencia competitiva e tendo en conta que non existan recursos comúns de atención ás persoas maiores no concello no que se instale ou que esta instalación contribúa á integración laboral de desempregados de longa duración, menores de 35 anos, maiores de 55 anos, persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% e vítimas de violencia de xénero. Ademais, o profesional deberá vivir no propio concello e contar cun inmovible adecuado ás condicións de accesibilidade.

A Xunta impulsa un Plan de apoio á dependencia que permitirá a 4.000 persoas incorporarse ás axudas e servizos públicos

- ▶ Créase o Bono autonomía en residencia para todas aquelas persoas pendentes de acceder a unha praza en residencia e vólvese a reforzar, un ano máis, o número de horas do Servizo de axuda no fogar (SAF)
- ▶ O obxectivo é mellorar a atención das persoas incluídas no Sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD) e para iso investiranse máis de 21 millóns de euros

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2018.-O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presentou o Plan de apoio á dependencia, un novo impulso neste ámbito que permitirá superar as 60.000 persoas con atención antes de que remate o ano, “unha cifra nunca antes acadada”, apuntou. En concreto, esta nova proposta de actuación, que terá aparelado un investimento de 21 millóns de euros, fará posible que a partir do vindeiro mes de setembro se incorporen de maneira progresiva 4.000 novas persoas como beneficiarias dos recursos públicos de prevención e coidado da dependencia.

Ao respecto, Rey Varela destacou que a execución deste plan que ampliará a cobertura a máis de 60.000 persoas “suporá adiantar dous anos un obxectivo que inicialmente se fixou para toda a lexislatura”. E para iso, a Xunta de Galicia, aplicará dúas medidas: volverá a reforzar o Servizo de axuda no fogar (SAF) e creará o Bono autonomía en residencia, unha achega para sufragar unha praza residencial privada a aquelas persoas que así o solicitaran e estean en lista de espera.

O titular de Política Social explicou que o Bono autonomía en residencia consiste nunha axuda directa a aquelas persoas que teñan recoñecido un grao de dependencia e estean á espera de acceder a unha praza nunha residencia pública. Deste xeito, a aqueles que estean pendentes de recibir un recurso de atención residencial e non perciban ningunha outra prestación das incluídas

no Sistema para a sutonomía e a atención á dependencia (SAAD), a Administración ofrecerá unha libranza vinculada para a adquisición dun servizo de atención residencial co fin de sufragar o custo da súa estancia nun centro privado mentres agarda, si así o desexa, pola súa incorporación a unha praza nun centro público. A medida poderá beneficiar a preto de mil persoas, que recibirán de media 490 euros ao mes, podendo percibir un máximo de 715 en función da súa capacidade económica e do grao de dependencia recoñecido. O custo da posta en marcha desta medida superará os 6,3 millóns de euros.

Ao tempo que se pon en marcha esta nova iniciativa, Rey Varela indicou que o seu departamento autonómico ten previsto volver a reforzar o Servizo de axuda no fogar (SAF) cun incremento de máis de 1,5 millóns de horas anuais e un custo de máis de 1,2 millóns de euros ao mes. Con esta medida,

incrementaranse as horas dispoñibles en case 127.000 horas ao mes, ata alcanzar os 8,9 millóns de euros de horas concedidas aos 313 concellos e 7 mancomunidades de concellos de Galicia. O conselleiro lembrou que o SAF é un dos recursos mellor valorados polas persoas con dependencia e representa máis do 32% das prestacións totais do SAAD (máis de 21.600 galegos e galegas beneficiáanse hoxe deste servizo). Esta proposta chegará a preto de 3.000 persoas e costará 14.7 millóns de euros.

O responsable da área social do Goberno galego sinalou que este plan de acción para mellorar a atención dos galegos e galegas en situación de dependencia vén a reforzar outras propostas da Xunta neste campo. Así, referiuse ao Plan ‘Como na casa’, que prevé a posta á disposición dos nosos maiores de 900 novas prazas residenciais a través da construción de 7 novas residencias nas 7 grandes cidades de Galicia; e ao Plan ‘Na casa’ que está a posibilitar a aquelas persoas dependentes que, por vontade propia, deciden permanecer nos seus domicilios ou na súa contorna familiar, o poidan facer a través do reforzo de programas

como o SAF, a teleasistencia ou o servizo de ‘Xantar na casa’.

Nesta liña, Rey Varela fixo fincapé no notable impulso na atención á dependencia que rexistra Galicia nos últimos anos. Así, a comunidade pasou de 40.173 persoas con servizo e unha ratio de cobertura do 61,5% en outubro de 2015 aos actuais 57.058 e 84,75% de porcentaxe de atención que sitúan a Galicia cinco puntos por riba da media do conxunto de España, segundo o último informe do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social correspondente ao pasado mes de xuño. Isto significa que en menos de tres anos Galicia sumou 16.865 novos dependentes con atención e incrementou a cobertura das prestacións en máis dun 23%.

Por último, o conselleiro explicou que este reforzo da atención aos maiores é posible debido ao incremento dos recursos económicos destinados para este fin nos últimos nove anos, nos que se pasou de 276 millóns de euros en 2009 a 414 no presente exercicio de 2019. Así mesmo, engadiu que no último trienio —entre 2015 e 2018— os orzamentos autonómicos desta área aumentaron nun 19,4%.



A Xunta consolida o apoio ás persoas maiores con responsabilidades parentais cunha nova edición das escolas de avós e avoas educadoras

- ▶ A través desta iniciativa desenvolveranse un total 450 sesións de orientación e apoio nas que se estima que participen 350 avós e avoas responsables do coidado de 525 netos e netas
- ▶ O obxectivo pasa por proporcionarlles a formación e habilidades necesarias para colaborar na educación dos menores, ao tempo que se favorece a conciliación e a cohesión familiar
- ▶ A Administración autonómica achega este ano 106.000 euros a este programa, que xa está implantado nas sete principais cidades de Galicia



Esta iniciativa enmárcase dentro das actividades promovidas pola Xunta de Galicia para abordar a transición demográfica e no marco dunhas políticas transversais que implican a todos os departamentos autonómicos. Nesta liña, a Consellería de Política Social está a desenvolver o Programa de apoio á natalidade (PAN) que conta cun eixo específico en materia de conciliación e que contempla

medidas como o incremento de prazas na rede autonómica de escolas infantís de 0 a 3 anos, o Bono Concilia e o Bono Coidado, as Casas Niño ou a Tarxeta Benvida, entre outras.

Asemade, as escolas de avós e avoas coidadoras tamén responden á Estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020, xa que se recoñece o labor das persoas maiores como parte activa da sociedade.

Santiago de Compostela,

31 de xullo de 2018.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a responsable de Cruz Vermella, María del Carmen Colmeiro Rojo, asinaron un convenio de colaboración que garante a continuidade das escolas de avós e a avoas educadoras nas sete grandes cidades de Galicia. Trátase dun programa de recoñecemento e apoio ás persoas maiores que exercen labores parentais de coidado e crianza dos seus netos e netas que a Xunta de Galicia e a entidade social desenvolven desde o ano 2016.

O obxectivo desta iniciativa é proporcionar aos avós e avoas o soporte social, a formación e as habilidades necesarias para axudalos na educación dos seus netos e netas. O programa xorde da constatación de que moitas persoas maiores se fan cargo da educación e crianza de netos e netas menores de idade, xogando un esencial de apoio á conciliación familiar e laboral así como de apoio social cando os pais e as nais non poden facerse cargo dos seus respectivos fillos e fillas.

Así pois, a Administración autonómica contribuirá con 106.000 euros a consolidar este proxecto que está a ter unha boa acollida entre os participantes. Este ano 2018, ao abeiro deste convenio, implantaranse tres novas escolas de avós e avoas educadoras en cada unha das sete

grandes cidades de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo), coa organización dun total de 210 sesións.

Estas novas escolas engádense aos 20 grupos de axuda mutua que se manteñen en funcionamento derivados das escolas postas en marcha nas dúas anteriores edicións do proxecto (2016 e 2017) nas sete localidades e que realizarán outras 240 sesións ata o vindeiro mes de novembro. Polo tanto, a través deste programa se levarán a cabo un total de 450 sesións nas que se estiman que participarán 350 avós e avoas responsables do coidado de 525 netos e netas, que tamén se beneficiarán directamente desta intervención.

Nas escolas de avós e avoas coidadoras os participantes teñen unha atención individualizada, promóvense hábitos de autocoidado, organízanse actividades interxeracionais de carácter lúdico-educativo e constitúense grupos de axuda mutua. Así mesmo, oriéntaselles no proceso educativo, capacítaselles con habilidades específicas para o manexo de situacións cotiás na educación dos menores que teñen ao seu cargo e dispoñen dunha atención individualizada dirixida a detectar necesidades específicas e establecer intervencións integrais de axuda á familia en caso de ser necesarias.

<http://www.cruzvermella.org/?lang=es>

A Xunta reconece o esforzo do alumnado con discapacidade participante nos cursos de formación prelaboral de entidades de iniciativa social

- ▶ **A Administración autonómica investiu nesta orde de axudas para proxectos de formación e asesoramento prelaboral nos anos 2017 e 2018 algo máis dun millón de euros**
- ▶ **Un total de 11 entidades desenvolveron 23 proxectos formativos que melloraron a empregabilidade de 624 persoas con discapacidade**

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou na entrega de diplomas ás persoas con discapacidade que completaron durante os anos 2017 e 2018 os proxectos de formación e asesoramento prelaboral desenvolvidos polas entidades de iniciativa social e subvencionados pola Administración autonómica. O acto, ao que tamén asistiu a directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fabiola García Martínez, tivo lugar na Sala Obradoiro do Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia.

Nesta segunda edición un total de 624 alumnos e alumnas participaron nos cursos para a mellora da empregabilidade que realizaron as 11 entidades do ámbito da discapacidade que concorreron a esta programa: a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (Fademga), a Asociación Coruñesa de Promoción do Xordo (Acopros), Down, a Asociación Sociocultural ASCM, a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg), a Federación de Asociacións de Familiares de Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Feafes), Integra, Itínera, a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica (Amigos) e Limisi Diversidade Funcional. A Xunta destinou algo máis dun millón de

euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo ao abeiro do programa operativo de Galicia 2014-2020, a subvencionar un total de 23 proxectos formativos.

O conselleiro destacou o notable incremento de entidades de iniciativa social, persoas participantes e proxectos executados. Así, pasouse de 9 a 11 entidades organizadoras de cursos, as cales executaron 23 proxectos formativos fronte aos 11 da primeira convocatoria; e o número de alumnos e alumnas pasou de 265 na anterior edición aos 624 nesta segunda. Na súa intervención, apuntou que o obxectivo da Xunta de Galicia "é que as persoas que máis o precisan, melloren a súa calidade de vida a través da mellora das súas habilidades e da incorporación ao mundo laboral". Así mesmo, Rey

Varela engadiu que "esta meta será froito do traballo en común co resto de administracións así como coas entidades sociais de Galicia, porque elas son as que mellor coñecen a realidade das persoas con discapacidade".

Nesta liña, lembrou que veñen de tomar posesión do seu posto como persoal da Xunta as persoas con discapacidade intelectual que superaron as oposicións específicas para este colectivo, as primeiras que se convocan na historia da autonomía; e que arestora está en marcha unha segunda convocatoria na que se ofertan outras 24 prazas.

O titular autonómico agradeceu tamén o esforzo, tenacidade e traballo dos participantes nos proxectos. "Sodes todo un exemplo de superación, amosades cada día que sodes unha parte fundamental da sociedade cos mesmos dereitos, deberes e oportunidades e que as barreiras só existen nas mentes", asegurou Rey Varela.

A orde mediante a cal se subvencionaron estes proxectos formativos, enmárcase na

Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020. Particularmente, esta actuación inclúese na liña estratéxica de formación e emprego, e incorpora de maneira transversal a perspectiva de xénero. A Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, dirixe os seus esforzos cara os aspectos considerados clave para avanzar na consecución da igualdade real das persoas con discapacidade e a súa inclusión social. Este documento é o resultado dun proceso en que participaron as principais entidades sociais e profesionais neste eido e constitúe a folia de ruta que está a aplicar a Xunta nos vindeiros anos para promover que as persoas con discapacidade poidan gozar dunha vida autónoma e independente.

Para acadar este obxectivo, a estratexia susténtase nunha serie de liñas transversais con vocación de impregnar o conxunto de actuacións que se desenvolven ao seu abeiro e que son a accesibilidade; a participación; a investigación, a innovación e a calidade; e a igualdade de xénero.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, entregou os diplomas acreditativos nun acto que tivo lugar no Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia

A Xunta reforza con 1 millón de euros as axudas á contratación de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social na empresa

- ▶ O Diario Oficial de Galicia vén de publicar as bases deste programa co que se prevé financiar a contratación de 350 persoas e 50 preparadores laborais
- ▶ A Consellería de Economía, Emprego e Industria incrementa os apoios por preparador que serán de 3.500 euros como mínimo ata un máximo de 19.500 euros
- ▶ Os incentivos á contratación serán de 2.000 euros por persoa ata un máximo de 4000 euros e haberá un bono de formación opcional para as compañías de 1000 euros por cada persoa contratada.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2018.-

A Xunta reforza este ano o programa de apoio para a formación e contratación de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social nas empresas galegas destinando en global un millón de euros coa estimación de financiar a contratación de 350 persoas e 50 preparadores laborais. Como novidade este ano, ademais de aumentarse as contías das axudas, o programa tamén vai dirixido a persoas en risco de exclusión social.

A iniciativa, que se vén de publicar no Diario Oficial de Galicia (DOG), inclúe dúas liñas de actuación: axudas para o emprego con apoio e para a formación e contratación a tempo parcial, dando resposta a unha demanda deste colectivo.

Para o programa de emprego con apoio invístense 500.000 euros, case o triplo que na pasada convocatoria, para a contratación de 50 preparadores laborais nas compañías para prestar un acompañamento individualizado a 200 persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social que traballen nas firmas en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos de iguais características. A Consellería de Economía, Emprego e Industria financia ata o 100% dos custos salariais e de Seguridade Social que se xeren durante o

período de desenvolvemento do proxecto de emprego con apoio.

A contía base por preparador, que se calcula en función do número de persoas que se apoiem e o grad e tipo de discapacidade, é de 3.500 euros como mínimo ata un máximo de 8.500 euros. O Goberno galego reforza este ano estas contías: as mínimas aumentan en 1.000 euros con respecto ao ano pasado e as máximas en 1.900 euros.

O apoio máximo poderá alcanzar os 19.500 euros por preparador, xa que o programa inclúe un incremento do 25% da axuda se a persoa contratada é muller; maior de 45 anos; emigrante retornado; e se o centro de traballo está emprazado no



https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180810/AnuncioG0424-300718-0001_gl.pdf

rural. Ademais, a Xunta financia con ata un máximo de 2.500 euros os desprazamentos dos preparadores.

O prazo de solicitude para o programa de emprego con apoio remata o próximo 10 de setembro.

Doutra banda, o programa de incentivos á contratación a tempo parcial, co que se estima beneficiar a 150 persoas, inclúe tamén novidades. Aos incentivos á contratación únese un bono de formación opcional para as compañías de 1.000 euros por cada persoa contratada.

Con respecto ao bono para a contratación, a Consellería de Economía, Emprego e Industria financia con 2.000 euros cada contrato sempre e cando a duración mínima sexa de 6 meses. Esta cantidade aumentará un 25% se a persoa contratada

é muller, maior de 45 anos ou emigrante retornado e no caso de que o centro de traballo estea emprazado no rural. Polo tanto, a axuda poderá alcanzar os 4.000 euros.

Esta iniciativa, que se pode solicitar ata o próximo 15 de outubro, complementa ao programa da Xunta destinado á contratación a tempo completo das persoas con discapacidade nas empresas galegas que conta cun orzamento de máis de 1,2 millóns de euros.

A Xunta con esta actuación ratifica a súa aposta polo emprego inclusivo polo que traballa cun reto principal: mellorar as condicións de empregabilidade dos galegos e galegas, dando resposta ás persoas que teñen máis dificultades para atopar un emprego.

<http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-conselleria>

The screenshot shows the official website of the Xunta de Galicia, specifically the 'Actualidade' (News) section of the Consellería de Economía, Emprego e Industria. The page features a navigation menu with categories like 'Consellería', 'Formación e Cualificacións', 'Emprego', 'Relacións Laborais', 'Cooperativismo e Economía Social', and 'Seguridade e Saúde Laboral'. The main content area displays three news items:

- (1/9/2018)** A Xunta promove a captación de talento coa incorporación de 28 profesionais menores de 35 anos en 12 entidades da comarca de Santiago.
- (31/8/2018)** A Xunta apoia a contratación de persoas perceptoras da Risga en todos os concellos lucenses que o solicitaron.
- (30/8/2018)** Galicia acadou no 2º trimestre un crecemento anual do 2,8%, máis que a media española, e creou 17.900 empregos a tempo completo.

Below the news items, there are logos for 'CALIFICACIÓNS GALEGAS XUNTA DE GALICIA', 'RSE XUNTA DE GALICIA', 'REXP', 'CNU', 'competencias clave', and 'PUBLICACIONES ESTADISTICAS'. A 'Destacados' (Highlighted) section lists: 'Datos do paro rexistrado no mes de xullo de 2018', 'Unidades de Formación en Empresas', 'Premios RSE Galicia 2016', 'Rexistro de empresas acreditadas de Galicia', 'Gases fluorados', and 'Listaxe de empresas de inserción laboral existentes en Galicia'.

A Xunta abre o prazo de solicitude de axudas para a posta en marcha de 15 novas casas niño no rural

- ▶ **Esta nova orde de subvencións, a terceira deste programa, está dotada con 1,2 millóns de euros e permitirá consolidar a rede de recursos de conciliación no rural galego, podendo chegar ás 61 casas e 305 prazas de 0 a 3 anos**
- ▶ **A día de hoxe, Galicia ten operativas 46 casas niño, o que supón a dotación de 230 prazas de atención á infancia en municipios de menos de 5000 habitantes**
- ▶ **A novidade desta convocatoria con respecto ás anteriores é que terán prioridade as solicitudes de mulleres vítimas da violencia de xénero**
- ▶ **Como en ocasións anteriores, a convocatoria de axudas subvencionará tanto a reforma e adaptación da vivenda e o seu equipamento e dotación material como a atención profesional prestada**

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2018.- A Xunta de Galicia abriu durante un mes o prazo de presentación de solicitudes para acollerse á nova convocatoria de axudas para a posta en marcha de 15 novas casas niño no rural, iniciativa que forma parte do Programa de apoio á natalidade da Consellería de Política Social. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula a concesión destas axudas en réxime de concorrencia competitiva para o período comprendido entre os anos 2018 e 2021.

As casas niño son un recurso gratuito para as familias destinado á atención de nenos e nenas de entre tres meses e tres anos de idade nos concellos de menos de 5000 habitantes nos que non exista ningún outro servizo de atención continuada á infancia de 0 a 3 anos. Esta convocatoria, a terceira que habilita a Administración autonómica para subvencionar estes recursos, está dotada de 1.205.000 euros cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Trátase dun recurso que se puxo en marcha por primeira vez en Galicia en 2016 coa entrada

en funcionamento das primeiras 30 casas niño. A día de hoxe, tras a segunda convocatoria realizada o exercicio pasado, estanse a subvencionar xa 46 destes equipamentos, o que supón a dotación de 230 prazas de atención á infancia no rural galego. Esta cifra de casas niño poderá chegar ata as 61, cun total de 305 prazas, coa nova convocatoria que sae adiante publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG). Así as cousas, sumando as tres ordes de axudas, o investimento da Xunta neste servizo ascende a 6,1 millóns de euros.

A novidade que presenta esta convocatoria de 2018 con respecto ás dúas anteriores, é que no suposto de que haxa unha demanda de prazas superior ás que se ofertan terán prioridade as solicitudes de mulleres vítimas de violencia de xénero empadroadas no concello no que se sitúe a casa niño ou nunha limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade.

Cada casa niño atenderá un máximo de cinco nenos ou nenas, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade, dado que se esixe unha formación ou experiencia profesional específica e impóñense requisitos e normas

de seguridade nas instalacións. Estes fogares ofrecerán unha atención integral e personalizada na modalidade de atención diurna de luns a venres e as familias poderán levar aos nenos e nenas un máximo de oito horas diarias, nun horario que se pactará co/a profesional. O servizo comprenderá a atención específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coa idade e a contribución ao desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social do neno ou nena.

Esta liña de axudas está dirixida a persoas físicas e a cooperativas de traballo asociado que estean en posesión ou contén cunha persoa socia co título de técnico/a superior en educación infantil, co grao en mestre/a de Educación infantil ou primaria, grao en Pedagogía, Psicoloxía ou Educación Social. Tamén poderán optar aquelas persoas que posúan o diploma que acredite ter realizado o curso de formación integral ou o curso de formación complementaria para futuros/as profesionais das casas niño impartidos pola Xunta de Galicia, así como aquelas que presenten formación acreditada en áreas relacionadas coa atención á infancia e coidados infantís, ou experiencia profesional acreditada neste ámbito.

Por outra banda, quen concorre ás axudas, deberá residir nun núcleo rural no que non exista ningún recurso de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade e contar cunha vivenda dotada con sistema de calefacción con protección dos elementos calefactores; unha sala con iluminación e ventilación naturais e un mínimo de catro metros cadrados por menor; unha zona diferenciada para o descanso e a hixiene infantil e unha zona para

a preparación, almacenamento e conservación de alimentos; elementos de protección de enchufes, portas e ventás; e un mobiliario e equipamento básico para a atención das nenas e nenos. Ademais, deberán dispoñer dun plan de actuación cos nenos e nenas para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa niño. Así mesmo, os nenos e nenas que acudan deberán estar empadroados/as no concello no que se emprace este tipo de fogar, ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de 0 a 3 anos.

Concorrencia competitiva

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva prestando atención, ademais de ao número de nenos e nenas que poderían beneficiarse do recurso, a factores como a dispersión xeográfica e ao envellecemento da poboación para contribuír á revitalización demográfica e á cohesión territorial. Así mesmo, e co obxecto de contribuír á integración laboral de persoas en situación de especial protección, recibirán unha puntuación adicional as persoas paradas de longa duración, as menores de 35 anos e maiores de 55 anos, as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (sempre que esta sexa valorada como compatible co desempeño da actividade subvencionada polo órgano competente da Administración Autonómica), e as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Esta convocatoria de axudas subvencionará a reforma e adaptación da vivenda así como o seu equipamento e dotación material e a prestación da atención personalizada de nenos e nenas de 0-3 anos. As axudas para gastos de investimento

consistirán nunha subvención de ata o 100% dos gastos elixibles, cun límite máximo global por casa niño de 15.000 euros, mentres que a achega pola prestación da atención personalizada consistirá nunha prima de 19.600 euros/ano, destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora no inicio da súa andaina.

Esta terceira orde de axudas do programa das casas niño posibilitará a apertura de 15 novos recursos de conciliación, proporcionando no seu conxunto 75 novas prazas de atención á infancia de 0 a 3 anos no rural galego. Como resultado das dúas primeiras convocatorias de 2016 e 2017 nestes momentos están en activo 46 casas niño dotadas cun total de 230 prazas: 3 situadas en concellos da provincia da Coruña, 13 en municipios da provincia lucense, 27 en localidades da provincia de Ourense e outras 3 en vilas pertencentes á provincia de Pontevedra.

Ademais de facilitar a atención á infancia e a conciliación da vida familiar e laboral, con esta actuación créanse oportunidades para atraer poboación nova ao rural galego, ao tempo que se fomenta o reequilibrio territorial e se impulsan e apoian as fórmulas de autoemprego e de economía social, eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio. A día de hoxe hai en Galicia 50 concellos potenciais beneficiarios por cumprir os requisitos anteriormente mencionados.

Apoio ás familias

As casas niño son un dos recursos previstos na área de Conciliación do Programa de apoio á natalidade de Galicia (PAN Galicia) que a Xunta está a desenvolver desde do ano 2015. Un programa que conta con tres eixos de actuación: PAN Axudas, PAN Concilia e PAN Servizos. O obxectivo das actuacións recollidas no PAN Concilia é crear un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta á disposición de recursos como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial.

O obxectivo é que no ano 2020 todos os concellos de Galicia contén cun recurso de conciliación. Neste sentido, as casas niño son un servizo específico para concellos de menos de 5000 habitantes que non dispoñen doutro recurso de atención á infancia que se complementa coa rede de escolas infantís da Galiña Azul, as prazas de 0 a 3 anos financiadas con fondos públicos en escolas tanto municipais como de iniciativa social e privadas, e o Bono Concilia. Hoxe en día Galicia supera en máis de 8 puntos a ratio aconsellada pola Unión Europea en canto a prazas de 0 a 3 anos cunha cobertura superior ao 41%.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180801/AnuncioG0425-190718-0001_gl.pdf



A Xunta aposta pola conciliación a través da mellora e adecuación dos recursos de atención á infancia dos concellos

- ▶ **As achegas están dirixidas a obras menores de adecuación e mellora dos centros, así como de accesibilidade e de dotación de novos servizos**

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018.- A Xunta de Galicia abriu o prazo de presentación de solicitudes para aqueles concellos galegos que contén cunha escola infantil (0-3 anos) ou un punto de atención á infancia (PAI) e precisen adecuar ou mellorar estes centros con novos equipamentos, servizos e/

ou material educativo. O Diario Oficial de Galicia publicou a orde que regula a concesión destas axudas, que forman parte do Programa de apoio á natalidade (PAN) que está a desenvolver o Goberno galego. Ademais, enmárcase no programa operativo FEDER Galicia para o período 2014-2020.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180711/AnuncioG0425-280618-0006_gl.pdf



A Xunta convocou axudas para a mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos xestionadas por entidades de iniciativa social

- ▶ **O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a orde de subvencións para obras menores de adecuación e mellora nos centros, así como para a compra de equipamento e mobiliario, e para a integración das novas tecnoloxías nas aulas**

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018.- A Xunta de Galicia abriu ata o 11 de agosto o prazo de presentación de solicitudes para a concesión de axudas para investimentos

na mellora das infraestruturas e equipamentos das escolas infantís para nenos e nenas de 0 a 3 anos dependentes que dependen de entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180710/AnuncioG0425-280618-0004_gl.pdf



A Xunta de Galicia abre o prazo de solicitude do Bono Concilia ás familias con fillos e fillas menores de tres anos

- ▶ **A Consellería de Política Social destina máis de 3,4 millóns de euros a esta axuda, que permite sufragar o custo dunha praza en escolas non financiadas con fondos da Administración a aquelas familias que non obtiveran praza pública nunha escola infantil de cero a tres anos ou que residen nun concello onde non hai recursos sostidos con fondos públicos**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180703/AnuncioG0425-210618-0001_gi.pdf



Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.- A Xunta de Galicia abre o prazo de presentación de solicitudes para beneficiarse do Bono Concilia, unha axuda económica directa ás familias que permite sufragar o custo dunha praza nunha escola infantil de 0 a 3 anos non sostida con fondos públicos destinada a aquelas que non obtiveran praza financiada pola Administración para os seus fillos ou fillas ou que residan en concellos onde non hai un recurso público deste tipo. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula a concesión destas axudas, que forman parte das medidas do Programa de apoio á natalidade que está a desenvolver o Goberno galego.

A contía total desta nova convocatoria do Bono Concilia ascende a 3.489.200 euros, aínda que é ampliable no caso de que sexa necesario para atender a todas as solicitudes que se reciban e cumpran cos requisitos. O obxectivo é conseguir, como no actual curso, que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos a obteñan e que non exista lista de espera. Con carácter xeral, as persoas interesadas puideron pedir esta achega ata o día 3 de agosto.

Cómpre lembrar que, do mesmo xeito que o ano pasado, a orde destas axudas para o vindeiro curso 2018-2019 contempla a posibilidade de conceder o Bono Concilia a nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo que superen a idade máxima regulamentaria e teñan concedida a flexibilización

da duración do período de escolarización. Así mesmo, mantense que nos supostos de admisión de solicitudes fóra de prazo se abra a todas as familias nas que se produza un nacemento, acollemento ou adopción do neno ou nena con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

Para ser beneficiarias, as persoas solicitantes deben ter unha nena ou neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2015 e para a obtención da axuda, teñen prioridade aqueles nenos e nenas que xa tiveran concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización. Tamén poden optar ao bono aquelas familias nas que as dúas persoas proxenitoras traballen en quenda de tarde ou en quendas rotativas e que con dereito a praza pública, esta non lles resolva as súas demandas de horario.

O Bono Concilia promove o dereito á escolarización de irmáns/ás nun mesmo centro para facilitar a conciliación das familias. Así as solicitudes para nenos e nenas que xa contan cun irmán ou irmá nun centro, terán posibilidade de opción directa ao bono concilia nese centro.

Nesta convocatoria recóllese ademais como novidade para o curso 2018-2019 a prioridade no acceso ao bono das mulleres vítimas de violencia de xénero e o seu dereito a presentar solicitude fóra do prazo establecido se residen en concellos onde non existan escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos e se lles expide a documentación acreditativa desta

condición con posterioridade á finalización do dito prazo.

A contía que se percibirá por cada praza de xornada completa oscila entre os 45 euros mensuais para as rendas máis altas e os 250 euros (con comedor) para as rendas máis baixas. Cómpre destacar que o Bono Concilia é compatible con outras axudas que poidan recibir as familias para a mesma finalidade sempre que non superen o custo da praza. Na anterior convocatoria beneficiáronse desta medida 3.648 familias.

As solicitudes, xunto coa documentación requirida, presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial.

Máis recursos para a infancia e a conciliación

O programa Bono Concilia constitúe un recurso máis que a Xunta de Galicia pon á disposición das familias para facilitar a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral. Esta axuda é complementaria á rede de escolas infantís dependente da Xunta de Galicia, que contará no vindeiro

curso cun total de 172 escolas nas que se ofertarán 10.264 prazas públicas. Esta rede, complétase coas 2700 prazas dependentes de entidades privadas de iniciativa social (EPIS) e sostidas con fondos públicos. Na actualidade están ademais en proceso de licitación pública 520 prazas (180 na provincia da Coruña, 44 na de Lugo 58 na de Ourense e 238 na provincia de Pontevedra).

Por outra banda, a través do Plan concertado, a Administración autonómica contribúe na actualidade ao financiamento dun total de 121 escolas infantís e puntos de atención á infancia que xestionan as corporacións locais.

En total, o número de prazas en escolas infantís que dependen da Xunta ou nas que participa a Administración autonómica ascenderá o vindeiro curso escolar a un total de 24.081, o que supón un incremento de 1.642 prazas con respecto ao curso actual.

Hoxe en día, Galicia supera a ratio aconsellada pola Unión Europea en canto a prazas en escolas infantís. Desde o ano 2009 a Administración autonómica aumentou a ratio de cobertura pasando do 19% ao 41% actual.

<http://www.bonoconcilia.gal/>



O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica presenta o Informe Galicia sobre a tendencia poboacional da Comunidade

- ▶ O estudo é o resultado de seis meses de traballo dos expertos, profesionais, estudosos e representantes institucionais e sociais que integran este órgano colexiado de participación
- ▶ Este documento, que foi informado de maneira favorable por unanimidade, servirá para avanzar nos obxectivos e liñas estratéxicas que nutrirán a que será a primeira Lei de impulso demográfico de Galicia

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presidiu na sede do Consello Económico e Social de Galicia (CES) unha nova reunión do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de Demografía no ámbito da nosa comunidade. Na xuntanza informouse favorablemente por unanimidade o denominado "Informe Galicia: perspectivas demográficas", un

amplo documento que recolle unha diagnose da situación de Galicia dende o punto de vista demográfico e que é o resultado de seis meses de análise

Na súa intervención, o conselleiro agradeceu "a xenerosidade e confianza" de todos os membros do Observatorio; ao tempo que fixo fincapé "na participación tan plural, o nivel científico e de reflexión" deste organismo, o que "evidencia unha vez máis a capacidade que ten Galicia para, entre todos, traballar, na procura de garantir unha terra onde desenvolver un proxecto de vida,

sexa atractiva para formar unha familia, con máis nenos e nenas, con maior esperanza de vida e cunha pirámide de poboación renovada", engadiu. Neste sentido, apuntou que o informe aprobado "ten a importancia de que ofrece unha visión certa da situación desde múltiples factores que afectan ao cambio demográfico, entre outros: o envellecemento da poboación, o papel da xuventude e das familias, como inflúen aspectos como a pobreza e a situación laboral, as migracións ou o factor rural".

Ademais, Rey Varela manifestou que a cuestión da demografía leva tempo formando parte do deseño das políticas públicas da Xunta de Galicia, e así se recolle no Plan estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, o Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia), a Estratexia Retorna 2020, o Plan

de fixación no medio rural ou no máis recente Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. Así mesmo, sinalou que Galicia seguirá demandando tanto a nivel nacional como europeo que os factores demográficos se teñan en conta no reparto de fondos económicos.

Por último, o titular de Política Social informou que o Observatorio retomará as súas reunións en setembro para avanzar nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación en base ao informe que veu a luz. Neste sentido, instou os seus membros a que envíen as súas propostas para que sexan analizadas nos grupos de traballo. A previsión é que no último cuadrimestre do ano estean listos os eixos principais que se terán en conta para iniciar a elaboración da que será a primeira Lei de impulso demográfico de Galicia.

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presidiu na sede do Consello Económico e Social de Galicia (CES) unha nova reunión do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica



Actualidade

Galicia recibirá máis de 22 millóns de euros de fondos estatais para loitar contra a pobreza e para axudas a entidades sociais

- **Rey Varela manifestouse “relativamente satisfeito” coa repartición de fondos, pero insistiu na necesidade de avanzar nuns criterios de distribución obxectivos, que teñan en conta aspectos como a maior esperanza de vida e a dispersión da poboación**

Madrid, 26 de xullo de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou en Madrid na reunión extraordinaria do Consello Territorial de Servizos Sociais e Dependencia para a repartición de fondos estatais destinados a programas sociais de protección da familia, de loita contra a pobreza infantil e plan concertado; e para axudas a entidades sociais a través do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF). No caso de Galicia a achega estatal ascenderá a un total 22,2 millóns de euros, dous máis que o exercicio pasado.

Despois da xuntanza, Rey Varela manifestouse “relativamente satisfeito” cos seus resultados e que o incremento das achegas do Estado “é un punto positivo”, ao tempo que engadiu que “cómpre seguir traballando para avanzar nuns criterios de distribución que atendan características como a maior esperanza de vida e a dispersión da poboación que teñen comunidades como a nosa e que fan necesaria unha maior aportación por parte do Estado”. A modo de exemplo puxo o Plan concertado, que permite mellorar os servizos sociais básicos e de proximidade dos concello, ao que

Galicia destina 12 millóns de euros dos que soamente 3 son achegados polo Estado. “O esforzo que está facendo Galicia é moi superior ás transferencias económicas que recibe do Estado”, apuntou.

Ademais, o conselleiro insistiu na necesidade de “fixar uns criterios máis homoxéneos e pactados coas comunidades autónomas na distribución dos fondos sociais e que se teña en conta non soamente a taxa Arope senón tamén aspectos poboacionais”. Ademais, advertiu do reducido que é o prazo que teñen as comunidades autónomas para a xestión e repartición dos fondos asignados entre as entidades que operan en cada territorio, así como de que este ano non se suplementaron fondos ás comunidades para levar a cabo a xestión destas partidas.

Por último, Rey Varela manifestou que “hai un compromiso de traballar nesta liña de avanzar en criterios obxectivos na distribución do IRPF e de demais fondos sociais, tendo en conta que as comunidades autónomas levamos anos incrementando os presupostos destinados a políticas sociais a pesar das dificultades económicas dos últimos tempos”.

A Xunta e a Fegamp incrementan a súa aposta pola mellora da coordinación dos servizos sociais comunitarios

- **O obxectivo é aprofundar na colaboración conxunta necesaria para aumentar a calidade das prestacións que realizan tanto as entidades locais como a administración autonómica**
- **O acordo procura unha maior implicación dos concellos en programas, proxectos e estratexias de inclusión social que está a desenvolver o Goberno galego, tales como a Historia Social Única Electrónica (HSUE) ou o Plan de Atención ás Persoas Sen Fogar de Galicia, entre outras**

Santiago de Compostela,

10 de agosto de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, vén de asinar un convenio de colaboración co presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), Alfredo García Rodríguez, que ten por obxecto mellorar a coordinación no ámbito dos servizos sociais. Con esta finalidade, a Xunta subvencionará ata un máximo de 17.000 euros aquelas accións que sexan precisas para impulsar e reforzar a colaboración dos servizos sociais comunitarios municipais entre si e cos de titularidade da Xunta de Galicia.

O conselleiro referiuse a este acordo como “un paso máis adiante na liña de traballo que desde o primeiro momento está a levar a cabo esta consellería e que ten entre os seus eixes principais o diálogo e a colaboración continua co resto de administracións e coas entidades sociais coa finalidade de conseguir, entre todos, que Galicia conte coas mellores políticas sociais e uns servizos de proximidade e de calidade”. Neste entendemento e aposta polo traballo conxunto enmarcou outras actuacións como a Axenda social única de Galicia ou o acordo marco para o financiamento dos servizos sociais no ámbito municipal que presta o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

No que atinxe ao convenio, este prevé a necesidade de

integrar a perspectiva local e de canalizar a participación de persoal técnico dos servizos sociais comunitarios das entidades locais nos diferentes planes, programas e proxectos en materia de inclusión social que se están a acometer ou que se desenvolverán por parte do departamento autonómico. Nomeadamente, Consellería e Fegamp teñen a intención de aprofundar no traballo conxunto para fomentar a adhesión dos concellos á Historia social única electrónica (HSUE), no desenvolvemento do proxecto do ‘Observatorio Social’ e na elaboración do Plan de atención ás persoas sen fogar de Galicia. Así mesmo, esta colaboración tamén se estende a dúas estratexias que ten en marcha a Consellería desde o ano 2014 e con vixencia ata o 2020, que son a de Inclusión social de Galicia e outra específica dirixida á poboación xitana.

Por último, o convenio fai mención á participación do persoal técnico dos servizos sociocomunitarios básicos nos traballos para definir un novo indicador complexo que permita mediar a exclusión territorial, en colaboración co Instituto Galego de Estatística; así como á participación das persoas representantes da Fegamp nas mesas de traballo creadas no marco da Axenda social única de Galicia, que é a suma dos esforzos da Xunta, dos concellos e das entidades para facer fronte ás situacións de exclusión.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou en Madrid na reunión do Consello Territorial de Servizos Sociais e Dependencia

A Xunta abre o prazo de solicitude de axudas para accións de inclusión social a desenvolver polas corporacións locais

- ▶ **A nova convocatoria, que abrangue este ano e o vindeiro, conta cun orzamento superior aos 6 millóns de euros, incrementándose nun 15% con respecto á convocatoria anterior**
- ▶ **Son subvencionables os programas que desenvolvan as corporacións locais para a incorporación sociolaboral da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión**
- ▶ **Tamén se poden financiar programas complementarios de educación e apoio dirixidos a familias con menores, así como os investimentos en centros de inclusión e emerxencia social**

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2018.- A Xunta de Galicia abriu durante un mes o prazo de presentación de solicitudes para acollerse á nova convocatoria de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas a desenvolver polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula a concesión destas axudas.

A convocatoria conta cun crédito plurianual superior aos 6,3 millóns de euros dirixido a subvencionar programas, actividades, servizos e investimentos para o período comprendido entre o pasado día 1 deste mes de xullo e o 31 de outubro de 2019 e que conta con financiamento por parte do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo Social Europeo.

Do orzamento total, 2,5 millóns corresponden a este ano 2018 e os 3,8 restantes a 2019. Esta é a quinta convocatoria consecutiva en que aumenta a contía do crédito dispoñible para a concesión destas axudas ás entidades locais, incrementándose en máis dun 15% con respecto á anterior convocatoria, que foi a dos exercicios 2017-2018 e ascendeu a 5,5 millóns de euros. Serán subvencionables os programas desenvolvidos polas corporacións municipais para a inclusión

sociolaboral da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión. Ademais, a orde inclúe unha liña específica para financiar programas complementarios de educación e apoio familiar destinados á inclusión social dos menores, así como outra dirixida ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social.

Máis polo miúdo, as bases da convocatoria establecen que as actividades financiadas deberán ter como finalidade que as persoas beneficiarias adquiran habilidades, destrezas, formación básica e de tipo laboral específica, como é a preparación para a avaliación das competencias clave esixibles para o acceso a unha formación e cualificación profesional; e que tamén son susceptibles de recibir achega as accións de mediación intercultural ou de carácter residencial. Igualmente, poderanse subvencionar



programas que teñan como obxecto que as familias adquiran competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas. E, así mesmo, a orde incorpora a posibilidade de destinar axudas tanto a construír ou mellorar centros de inclusión ou emerxencia social como a adquirir inmobles, equipamento, moblaxe e vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro.

Cómpre indicar que esta orde de axudas enmárcase na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, na que se dá unha énfase especial aos procesos vinculados á inclusión social das persoas que son usuarias dos servizos sociocomunitarios dos concellos. Ademais de garantir a atención ás persoas e grupos de poboación máis desfavorecidos e con maior risco de desprotección social, con esta medida, a Xunta tamén presta o seu apoio ás entidades locais, dotándoas co orzamento necesario para que

podan desenvolver actuacións orientadas a acadar a inclusión social e mellorar a calidade de vida das persoas e colectivos máis vulnerables.

No que respecta á comparación cuantitativa das distintas convocatorias, o orzamento das axudas contempladas nesta orde incrementouse de maneira importante desde 2013, ano no que por primeira vez se realizou unha convocatoria conxunta de todas as liñas de axuda pertencentes ao ámbito da inclusión social. Así, en 2013 destinouse a esta orde un crédito de 1,3 millóns de euros fronte os 6,3 desta nova convocatoria. Este reforzo económico traducíuse nun aumento tanto dos concellos, agrupacións e mancomunidades beneficiarias como dos programas concedidos, pasando das 32 entidades locais que recibiron achega en 2013 para un total de 51 programas ás 46 que tiveron axuda na anterior convocatoria de 2017-2018 para o desenvolvemento de 74 programas de inclusión.

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-inclusion>

The screenshot shows the 'Política Social' portal. The top navigation bar includes 'Inicio | Mapa do portal | Contacto | Suxestións e queixas | Accesibilidade | GALEGO | CASTELLANO'. The main header features the Xunta de Galicia logo and 'CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL'. Below this is a horizontal menu with categories: 'infancia', 'familia', 'discapacidade', 'dependencia', 'comunidade e inclusión', and 'maiores'. A search bar is located on the right. The left sidebar contains a 'Temas' menu with options like 'Consellería', 'Sala de comunicación', 'Recursos', and 'Temas'. The main content area displays a quote: "Recoñecer o dereito fundamental das persoas que se atopan en situación de pobreza e exclusión social a vivir con dignidade e a desempeñar un papel activo na sociedade" (Primeiro dos obxectivos establecidos na decisión conxunta 1098/2008/CE do Parlamento-Consello Europeo relativa a "2010. Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social").

A Xunta de Galicia convoca unha nova edición do programa para creadores novos Xuventude Crea

- ▶ **A convocatoria, que conta cun orzamento de 117.516 euros, inclúe unha nova disciplina: o skate**
- ▶ **O prazo para presentar as solicitudes de inscrición estará aberto ate o 21 de setembro e cada unha das 13 especialidades contará cun premio para os tres primeiros clasificados**

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2018.- O conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dependente da Consellería de Política Social, vén de convocar unha nova edición do programa para creadores novos Xuventude Crea. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que como novidade con respecto á edición anterior, inclúe unha disciplina nova, o skate, co que o total de especialidades nas que se poderá participar ascenderá nesta ocasión a 13: artes plásticas (pintura e escultura), banda deseñada, cociña, deseño de xoias, fotografía, graffiti, moda, música, poesía, relato breve, teatro, skate e videocreación. O orzamento total desta edición é de 117.516 euros.

O programa Xuventude Crea está dirixido a mozos e mozas galegos ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos cumpridos no ano 2017. Salvo no caso das especialidades de teatro, música, graffiti e cociña, a participación será sempre a título individual. En canto ao prazo de inscrición, este permanecerá aberto ate o vindeiro 21 de setembro. E, ao fío, lembrar que cada unha das especialidades contará con tres premios: o primeiro, de 3.000 euros; o segundo, de 1.500; e o terceiro, de 1.000 euros; e mencións de honra sen dotación económica. Cómpre lembrar que na edición do 2017, participaron un total de 376 mozos e mozas galegas ou residentes en Galicia (228 mulleres e 148 homes) que

presentaron 299 proxectos individuais e en grupo. Foron premiados 50 proxectos e 69 participantes. Cada unha das 13 especialidades conta con tres premios, que poden ser compartidos: o primeiro, de 3.000 euros; o segundo, de 1.500; e o terceiro, de 1.000 euros.

A publicación da orde que rexerá as bases da nova convocatoria do Xuventude Crea, coincide este ano coa celebración do Día Internacional da Xuventude, unha data que se conmemora dende hai máis de 30 anos cada 12 de agosto. Este ano, a Xunta de Galicia celebrará esta singular data cunha campaña en redes sociais para poñer en valor os programas e iniciativas dirixidas á xuventude impulsadas polo Goberno galego.

13 especialidades

Máis polo miúdo e con respecto a cada unha das especialidades, cómpre apuntar que no caso da denominada como artes plásticas inclúe pintura e escultura. O tema e as técnicas para participar serán libres e en escultura o peso máximo da obra non pode superar os 50 quilos. Xunto coa documentación os participantes presentarán un CD con fotografías do proxecto.

En canto á banda deseñada, a temática será libre con textos en lingua galega; a técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor. O formato deberá ser en DIN A-4 ou DIN A-3 e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD



A autora do cartel é Fátima Falde Fernández

cos arquivos orixinais. Cada obra deberá levar pseudónimo e título.

Para cociña, os proxectos poderán ser individuais ou en grupo, neste último caso poderán ter un máximo de 3 membros. A receita presentada por cada participante –individual ou en grupo– pode ser a elaboración dun prato salgado ou doce. A base do prato será a utilización de produtos avalados polas diferentes denominacións de orixe de Galicia ou ben pola Federación de Prazas de Abastos de Galicia. O tempo de elaboración do prato non poderá exceder de 2 horas.

Na categoría de deseño de xoias a colección estará composta

por tres pezas. Xunto coa documentación os participantes presentarán unha fotografía de cada unha das tres xoias, que poderán ser tanto para home como para muller.

En fotografía, o tema e a técnica serán libres. Xunto coa documentación os participantes presentarán en CD, unha ou varias fotografías, ata un máximo de 6, en cor ou branco e negro da obra presentada, ficha técnica da obra na que se indicará o título, o ano de realización, a técnica empregada e as dimensións reais.

Nas obras de graffiti o tema e a técnica serán libres e os

traballos poderán ser individuais ou en grupo, neste último caso poderán ter un máximo de 3 membros.

No apartado de moda os participantes presentarán unha colección coherente de 5 modelos de home ou muller. Terá que definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos presentados. Presentaranse estes deseños en láminas de formato DIN A-3 (297 mm x 420 mm), con deseño de fronte e de costas. Así mesmo, haberá que engadir unha ficha técnica da colección e mostras dos tecidos que se empregarán na súa confección.

No ámbito musical poderán participar solistas e grupos de pop, folk, rock, hip-hop e demais variedades de música contemporánea. Admitirase que ata un 25% dos compoñentes do grupo supere os 30 anos, o mesmo que ocorre para teatro, e poderá superar a idade máxima a persoa que desenvolva a función de acompañamento musical cos

participantes que se presenten como solistas.

Para poesía o tema e a técnica serán libres. As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

En canto ao relato breve, as obras deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 5 páxinas e máxima de 10, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4, e tamaño de letra 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

Na especialidade de teatro, poderán concorrer grupos teatrais, non profesionais, compostos por persoas galegas ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2018. Admitirase que ata un 25% das persoas

compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teñan entre os 14 e 16 anos. As representacións serán en lingua galega. As obras poderán ser de autoría galega, española ou estranxeira e poderán presentarse obras orixinais. duración da representación de cada obra non poderá exceder dunha hora e trinta minutos. Xunto coa documentación os grupos teatrais deberán presentar en DVD unha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2017.

A especialidade de skate incluírá dúas disciplinas: street e mini-rampa. A duración da intervención será entre 1 minuto e 1 minuto e 30 segundos. Os participantes xunto coa documentación presentarán unha gravación que recolla unha intervención.

Os participantes de video-creación só poderán presentar obras que non teñan concedidas axudas económicas da Administración autonómica para a súa realización, no momento do

remate do prazo de presentación de solicitudes. O tema será libre, máis deberá dar prioridade aos contidos artísticos e culturais dunha maneira innovadora e experimental. Enténdese por experimental a obra que se sitúa fóra dos códigos convencionais, que aposta por fórmulas audiovisuais onde se dá prioridade á subxectividade.

Concurso de deseño do cartel Xuventude Crea 2018

A imaxe do programa Xuventude Crea 2018 é obra de Fátima Faílde Fernández, unha moza de Piñor (Ourense), cuxo proxecto resultou gañador no concurso de deseño de cartel convocado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Aparte de ser a imaxe do programa, esta moza recibiu un premio en metálico de 500 euros. A exposición dos proxectos presentados a este concurso pódese visitar no IES Rosalía de Castro en Santiago ata finais deste mes de agosto.

<http://xuventude.xunta.es/>

Actualidade

Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

Xaneiro	das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos	12 de xuño	15 de xullo
27 de xaneiro		- Día Mundial contra o Traballo Infantil	- Día Mundial das Habilidades da Xuventude
- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto	Abril	13 de xuño	18 de xullo
	2 de abril	- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo	- Día Internacional de Nelson Mandela
Febreiro	- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo		30 de xullo
6 de febreiro	6 de abril	14 de xuño	- Día Internacional da Amizade
- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	- Día Mundial do Doador de Sangue	- Día Mundial contra a Trata
11 de febreiro	7 de abril	15 de xuño	Agosto
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia	- Día Mundial da Saúde	- Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez	12 de agosto
20 de febreiro	28 de abril	19 de xuño	- Día Internacional da Xuventude
- Día Mundial da Xustiza Social	- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo	- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos	19 de agosto
Marzo	29 de abril	20 de xuño	- Día Mundial da Asistencia Humanitaria
1º de marzo	- Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química	- Día Mundial dos Refuxiados	23 de agosto
- Día da Cero Discriminación (ONUSIDA)	Maiο	23 de xuño	- Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición
8 de marzo	15 de maio	- Día Internacional das Viúvas	30 de agosto
- Día Internacional da Muller	- Día Internacional da Familia	25 de xuño	- Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas
20 de marzo	21 de maio	- Día da Xente do Mar	Setembro
- Día Internacional da Felicidade	- Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento	26 de xuño	5 de setembro
21 de marzo	29 de maio	- Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura	- Día Internacional da Beneficencia
- Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial	- Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas	- Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas	8 de setembro
- Día Mundial da Síndrome de Down	Xuño	Xullo	- Día Internacional da Alfabetización
24 de marzo	1º de xuño	2 de xullo (primeiro sábado de xullo)	10 de setembro
- Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas	- Día Mundial das Nais e os Pais	- Día Internacional das Cooperativas	- Día Mundial para a Prevención do Suicidio
25 de marzo	4 de xuño	11 de xullo	15 de setembro
- Día Internacional do Recordo	- Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agressión	- Día Mundial da Poboación	- Día Internacional da Democracia

21 de setembro

- Día Internacional da Paz

Outubro

1º de outubro

- Día Internacional das Persoas de Idade

2 de outubro

- Día Internacional da non Violencia

10 de outubro

- Día Mundial da Saúde Mental

11 de outubro

- Día Internacional da Nena

15 de outubro

- Día Internacional das Mulleres Rurais

16 de outubro

- Día Mundial da Alimentación

17 de outubro

- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

24 de outubro

- Día das Nacións Unidas

24 de outubro

- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento

Novembro

10 de novembro

- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento

16 de novembro

- Día Internacional para a Tolerancia

20 de novembro

- Día Universal do Neno

25 de novembro

- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

29 de novembro

- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino

Decembro

1º de decembro

- Día Mundial da Loita contra a Sida

2 de decembro

- Día Internacional para a Abolição da Escravitude

3 de decembro

- Día Internacional das Persoas con Discapacidade

5 de decembro

- Día Internacional dos Voluntarios

9 de decembro

- Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime

9 de decembro

- Día Internacional contra a Corrupción

10 de decembro

- Día dos Dereitos Humanos

18 de decembro

- Día Internacional do Migrante

20 de decembro

- Día Internacional da Solidariedade Humana

<http://www.un.org/es/events/charityday/>



Día Internacional da Beneficencia

5 de setembro

<http://www.un.org/es/events/peaceday/>



Día Internacional da Paz

21 de setembro

<http://www.un.org/es/events/olderpersonsday/>



Día Internacional das Persoas de Idade

1 de outubro

http://www.who.int/mental_health/world-mental-health-day/



Día Mundial da Saúde Mental

10 de outubro

<http://www.un.org/es/events/girlchild/>



Día Internacional da Nena

11 de outubro

<http://www.un.org/es/events/povertyday/>



Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

17 de outubro

<http://www.un.org/es/events/unday/>



Día das Nacións Unidas

24 de outubro

Estadísticas

Distribución provincial e evolución das prazas residenciais públicas da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia conta con 3.465 prazas distribuídas en 31 centros residenciais de titularidade propia. Dos centros propios, 19 están xestionados directamente pola Xunta de Galicia, mentres que os 12 restantes son xestionados por empresas externas.


Xestión:	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total prazas
Propia	932	1.247	2.179
Externa	24	1.261	1.286
Total	956	2.509	3.465

Ademais, a Xunta de Galicia ten prazas concertadas en 74 centros. Hai prazas concertadas en 3 centros de titularidade municipal, 34 centros de titularidade privada con ánimo de lucro e 37 centros de iniciativa social. O total de prazas concertadas é de 3.426; 14 son prazas con autonomía e 3.412 son prazas con dependencia.

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
A Coruña	0	891	891
Lugo	0	812	812
Ourense	4	775	779
Pontevedra	10	934	944
Total	14	3.412	3.426


Distribución provincial das prazas públicas da Xunta de Galicia

	Prazas con autonomía	Prazas con dependencia	Total
A Coruña	364	1.984	2.348
Lugo	320	1.170	1.490
Ourense	72	1.179	1.251
Pontevedra	214	1.588	1.802
Total	970	5.921	6.891



Evolución de prazas residenciais da Xunta de Galicia

	Prazas en centros propios	Prazas en centros concertados	Total
2005	3.098	1.581	4.679
2006	3.179	2.110	5.289
2007	3.329	2.101	5.430
2008	3.333	2.226	5.559
2009	3.324	2.467	5.791
2010	3.448	3.203	6.651
2011	3.464	3.196	6.660
2012	3.464	3.191	6.655
2013	3.440	3.191	6.631
2014	3.440	3.306	6.746
2016	3.465	3.426	6.891
2017	3.465	3.426	6.891



<https://politicassocial.xunta.gal/XiacWeb/>



Censo de personas con discapacidade

A poboación con discapacidade recoñecida en Galicia con data de decembro do 2017 é de 231.954 persoas coa seguinte distribución provincial:

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	45.259	49.345	94.604
Lugo	11.448	10.506	21.954
Ourense	14.001	13.566	27.567
Pontevedra	42.523	45.306	87.829
Total	113.231	118.723	231.954

Distribución por grupos de idade

	Homes	Mulleres	Total
Menor de 7 anos	836	513	1.349
De 7 a 15 anos	3.221	1.610	4.831
De 16 a 29 anos	5.056	3.425	8.481
De 30 a 49 anos	21.013	16.189	37.202
De 50 a 64 anos	30.538	27.055	57.593
De 65 a 74 anos	24.327	23.728	48.055
> 74 anos	28.240	46.203	74.443
Total	113.231	118.723	231.954

A distribución por tipo de discapacidade é a seguinte:

	Homes	Mulleres	Total
Física	81.569	91.389	172.958
Intelectual	22.700	22.265	44.965
Mental	19.661	27.502	47.163
Sensorial	21.568	21.632	43.200
Enfermidades raras	108	112	220

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205001002

Dependencia

Xestión das valoracións das situacións de dependencia

En Galicia, a data 31 de decembro de 2017, un total de 80.796 persoas solicitaron o recoñecemento da situación da dependencia. Do total de solicitudes rexistradas foi recoñecido o grao de dependencia ao 98,10% (79.259) do total de solicitudes activas, e 55.370 son persoas beneficiarias con prestacións.

Total de beneficiarios activos	55.370
Prevención e Promoción	4.167
Residencia	7.660
Teleasistencia	4.049
Centro de día	7.062
Axuda no fogar	20.465
Coidadores	13.392
Libranza vinculada a servizo	6.806
Libranza de asistente persoal	100
Total prestacións	63.701

Solicitudes, persoas beneficiarias con dereito a prestacións e prestacións por Comunidades Autónomas

	Solicitudes	Total persoas beneficiarias con dereito a prestación	Persoas beneficiarias con prestacións
Andalucía	383.618	254.062	196.730
Aragón	46.842	28.572	25.617
Principado de Asturias	36.927	27.158	21.242
Illas Baleares	27.549	18.861	16.761
Canarias	47.444	20.230	19.417
Cantabria	23.912	17.142	15.283
Castela e León	122.121	115.507	88.709
Castela – A Mancha	85.807	62.319	51.473
Cataluña	305.482	175.725	141.058
Comunidade Valenciana	108.391	64.876	61.488
Extremadura	54.542	28.239	25.582
Galicia	80.796	63.701	55.370
Comunidade de Madrid	205.200	153.286	117.758
Rexión de Murcia	44.344	42.364	33.962
Comunidade Foral de Navarra	19.891	15.588	12.284
País Vasco	99.245	76.543	62.070
A Rioxa	15.151	10.322	7.396
Ceuta e Melilla	4.117	3.516	2.631
España	1.711.379	954.831	865.564

The screenshot shows the website interface for the Instituto Galego de Estadística. It includes a top navigation bar with links for 'Mapa web', 'Contacto', 'Suxeccións', 'Axuda', 'Ligazóns', and 'Aviso legal IGE'. Below this is a search bar and a main menu with categories like 'DOCUMENTACIÓN', 'PRODUCTOS E SERVIZOS', 'PRENSA', and 'IGE'. A sidebar on the left contains 'Benestar e condicións de vida' and 'Outra información'. The main content area is titled 'Outra información' and features a section for 'Censo de persoas con discapacidade' with a list of bullet points: 'Poboación discapacitada por grupos de idade: Galicia', 'Poboación discapacitada: Galicia e provincias', 'Persoas con algunha discapacidade segundo o grao e o tipo de discapacidade: Galicia e provincias', and 'Persoas con algunha discapacidade segundo tipo e grao de discapacidade por sexo: Datos municipais'. At the bottom, it lists 'Entidades prestadoras de servizos sociais. Datos nivel municipal'.

Alertas bibliográficas

Publicacións periódicas

- **Documentación social'. Revista de Estudios Sociales y Sociología Aplicada**

<https://www.caritas.es/categoria-producto/colecciones/documentacion-social/>

ISSN 0417-8106 - Inicio: nº 1- (1958-). Periodicidade trimestral

Edita: Caritas Española (<http://www.caritas.es/>) PVP: 15€

Revista de Estudios Sociais y Sociología Aplicada, é unha publicación periódica dedicada a análises monográficas. Desde 1957 vén sendo unha análise da realidade onde se combinan a teoría e a práctica; unha canle para o debate sobre necesidades e potencialidades, onde a desigualdade e a exclusión son coordenadas que están presentes no seu contido; un medio mediante o cal se dan a coñecer as "boas prácticas", os itinerarios e procesos de intervención social. Documentación Social como revista de "Estudios Sociales y Sociología Aplicada" está ao servizo das persoas, colectivos, institucións, movementos, etc., que están comprometidos na loita contra a exclusión e en crear as condicións para unha sociedade con novos valores, onde a persoa sexa recoñecida como tal.

Último nº publicado: 186 (2017): Sistemas de bienestar y políticas sociales

Neste número achégase unha mirada á relación entre os diferentes sistemas de benestar e as políticas, como consecuencia da limitación para reducir a desigualdade e a pobreza. Todo iso orientado a construír unha sociedade na que se garantan os dereitos sociais de todos os cidadáns

Monografía. Primera parte. El marco social e institucional de los sistemas de bienestar

- El entorno europeo y global de los sistemas de bienestar / Luis Moreno, p. 15-31
- Las redes europeas del sector social: entre la prestación y la reivindicación / José Manuel Fresno García, Stefan Meyer, p. 33-52

Monografía. Segunda parte. Agentes e instituciones que contribuyen a la creación del bienestar

- Los sistemas de bienestar en España: evolución y naturaleza / Demetrio Casado Pérez, Fernando Fantova Azcoaga, p. 55-80
- El papel de asociaciones y fundaciones como agentes que contribuyen al bienestar social / Paulino Azúa Berra, p. 81-97

- Economía social y bienestar / Ignacio Bretos Fernández, Millán Díaz Fonseca, Carmen Marcuello Servós, Chaime Marcuello Servós, p. 99-114
- Sistemas de bienestar, políticas sociales y bienes comunes: tensiones y sinergias entre lo público y lo común / Imanol Zubero Beaskoetxea, p. 115-134

Monografía Tercera parte. Bienestar social, integración social e innovación. Mirando al futuro

- El tercer sector y la innovación social en sistemas mixtos de bienestar: antecedentes, facilitadores y retos de gobierno / Marta Rey-García, p. 137-154
- Inclusión sociolaboral de los colectivos vulnerables / Miguel A. Cabra de Luna, p. 155-171
- Sistemas de bienestar y sociedad inclusiva: de la inclusión activa a la activación inclusiva / Joseba Zalakain, p. 173-189

Tribuna abierta

- ¿Qué es importante para la extrema derecha? Tradición, seguridad y conformidad / Anca María Izdraila, p. 193-226
- El desarrollo organizacional como generador de un cambio significativo en las organizaciones de la sociedad civil / María Guadalupe Zamora Aguilar, p. 227-250

Documentación

- Justicia social e igualdad en Europa / Virginia Muñoz Mardones, p. 253-260

- **Metamorfosis. Revista del Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud**

<http://revistametamorfosis.es/index.php/metamorfosis/issue/archive>

ISSN-e: 2341-278X Inicio: 2014 - Periodicidad: Semestral

La Revista del Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud, desde unha perspectiva multidisciplinar, ten por obxecto a análise de cuestións relacionadas coa adolescencia e a mocidade e todos aqueles temas que contribúan a mellorar o coñecemento e a intervención sobre estas temáticas.

Os contidos están dirixidos a especialistas e todo tipo de actores interesados nos procesos e os contextos de socialización da adolescencia e a mocidade.

Ten unha periodicidade semestral e está aberta para a recepción de artigos (para a súa avaliación e publicación) durante todo o ano.

Último nº publicado: vol. 8, nº 8 (2018)

Nota de la DIRECTORA / Beatriz Martín Padura

Alertas bibliográficas

Diálogos

- Jesús Martín-Barbero y Carles Feixa Pàmpols conversan sobre comunicación, juventud y memoria: "Todo lo que sabemos lo sabemos entre todos" / Jesús Martín-Barbero, Carles Feixa Pàmpols

Artículos

- El empoderamiento y la participación juvenil en la innovación de las políticas de ocio en América Latina / Carolina Barriga Torres, Pag 29-50
- Las estéticas urbanas como generadoras de capital social. una aproximación al grafiti creado por jóvenes en colonias populares en ciudad de San Luis Potosí, México / José Guadalupe Rivera González, pag. 51-67
- La transición escolar en España: un análisis de desigualdad y diferenciación / F. Javier Sánchez Galán, Almudena Moreno Mínguez, Pag 68-83
- Categorías hegemónicas de género, perspectivas de género y roles de género en el análisis de las denominadas "bandas latinas" Katia Yocasta Núñez Castillo, María Oliver Torres, Pag 84-102
- Barcelona calling: el retorno de la emigración juvenil / Clara Rubio Ros, Pag 103-111

Nota de investigación

- El impacto de la crisis en los patrones de movilidad residencial de las personas jóvenes en España / Jordi Bosch Meda, Pag 112 - 128
- Trayectorias de permanencia y abandono educativo temprano: Análisis de secuencias y efectos de la crisis económica / Maribel García Gràcia, Ona Valls, Pag 129 - 143

Resenciones

- L'EMIGRANT 2.0. Emigració juvenil, nous moviments socials i xarxes digitals / Gema Calderón, Pag 144-148

• Panorama Social

https://www.funcas.es/publicaciones_new/publicaciones.aspx

ISSN : 1699-6852 - Inicio: nº 1- (2005-). Periodicidad semestral

Edita: Fundación de las Cajas de Ahorros (FUNCAS) (<http://www.funcas.ceca.es/>)

Funcas é unha institución de carácter privado, sen ánimo de lucro particularmente activa na promoción de estudos e investigacións económicas e sociais, e na súa difusión.

Esta revista ten carácter monográfico. Os seus números dedícanse a temas de debate social e político, tales como o envellecemento da poboación, as pensións e a dependencia, as relacións interxeracionais, a

evolución das familias, a infancia e a mocidade, a inmigración, a pobreza e a sanidade

Último nº publicado: Nº 27 (2018-) titulado Brechas de género.

http://www.funcas.es/publicaciones_new/Sumario.aspx?IdRef=4-15027

